

**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

*Orde do 8 de maio de 2007 de modificación da do 26 de marzo pola que se determinan os servizos mínimos dirixidos a garantir os servizos esenciais nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde durante a folga convocada pola organización sindical O'MEGA, os días 28, 29 e 30 de marzo de 2007 e 11, 12, 13, 18, 19, 20, 25, 26 e 27 de abril de 2007, e que a partir deste día transformárase en folga indefinida, que lle afectará ao persoal facultativo non propietario que presta servizos nas institucións sanitarias de atención especializada do Servizo Galego de Saúde.*

No *Diario Oficial de Galicia* do 28 de marzo de 2007 (DOG nº 62), foi publicada a orde pola que se determinan os servizos mínimos dirixidos a garantir os servizos esenciais nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde durante a folga convocada pola organización sindical O'MEGA, os días 28, 29 e 30 de marzo de 2007 e 11, 12, 13, 18, 19, 20, 25, 26 e 27 de abril de 2007, das 0.00 ás 24.00 horas, e que a partir deste día transformárase en folga indefinida, que afecta o persoal facultativo non propietario que presta servizos nas institucións sanitarias de atención especializada do Servizo Galego de Saúde.

No anexo da Orde do 26 de marzo de 2007 figura o cadro de efectivos destinados polo Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela para a realización dos servizos mínimos, unicamente para gardas e urxencias.

Unha vez transformada a folga en indefinida, para poder manter unha axeitada cobertura dos servizos esenciais de asistencia sanitaria, o Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela, motivadamente, considera necesario manter os anteriores e engadir os seguintes efectivos:

-1 efectivo por día laborable no Hospital de Día Oncohematolóxico.

-1 efectivo por día laborable no Servizo de Radioterapia.

-A extensión das gardas de sábado para a fixación de servizos mínimos para as mañás do sábado.

Outorgada audiencia ao comité de folga,

**DISPOÑO:****Artigo 1º**

No cadro correspondente aos servizos mínimos do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela, no anexo á Orde do 26 de marzo de 2007 (DOG nº 62, do 28 de marzo) debe engadirse:

-1 efectivo por día laborable no Hospital de Día Oncohematolóxico.

-1 efectivo por día laborable no Servizo de Radioterapia.

**Artigo 2º**

En todo o demais mantéñense os termos contidos na citada orde.

*Disposición derradeira*

Esta modificación da orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2007.

María José Rubio Vidal  
Conselleira de Sanidade

**AXENCIA PARA A CALIDADE DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA**

*Resolución do 4 de maio de 2007 pola que se modifica o texto da convocatoria ordinaria para a avaliación ou informe para a contratación como profesor universitario polas universidades integrantes do sistema universitario de Galicia, aprobada pola Resolución do 16 de abril de 2007, para adecualala á Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, que modifica a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, e se amplía o prazo para a presentación de solicitudes.*

A Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) ten atribuída, a través da disposición adicional vixésimo sétima da Lei 3/2002, do 29 de abril, de medidas de réxime fiscal e administrativo, dentro do ámbito da súa comunidade autónoma, a competencia para realizar as avaliacións e informes das actividades docentes, investigadoras e de xestión para a poder ser contratado como profesor axudante doutor, profesor colaborador, profesor contratado doutor, e profesor de universidade privada polas universidades do sistema universitario de Galicia (SUG).

O 23 de abril de 2007 publicouse no DOG a Resolución do 16 de abril, ditada polo presidente do Consello de Dirección da ACSUG, en virtude das competencias delegadas por Resolución do 21 de setembro de 2006 (DOG do 3 de outubro), pola que se aproba a convocatoria ordinaria para a avaliación ou informe para a contratación como profesor universitario polas universidades integrantes do SUG para o ano 2007.

O 3 de maio de 2007 entrou en vigor a Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, que modifica a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades. Esta lei orgánica varía algúns aspectos relativos aos artigos reguladores das avaliacións previas necesarias para poder ser contratado como profesor universitario nas figuras antes mencionadas, e por ende, o desenvolvemento regulamentario que se fixo destes artigos por parte da Comunidade Autónoma de Galicia.

Neste sentido, e á espera de que tanto a comunidade autónoma coma o Estado realicen a correspondente adecuación da normativa de desenvolvemento á nova lei orgánica, considérase necesario por parte de ACSUG, a través desta resolución, indicar cales son os aspectos concretos que se vén afectados por aquela, no procedemento de avaliación para a contratación do profesorado universitario, que se vén realizando pola ACSUG.

De conformidade co exposto, o presidente do Consello de Dirección da ACSUG, en virtude das competencias delegadas por Resolución do 21 de setembro de 2006 (DOG do 3 de outubro)

**RESOLVE:**

Base única.

A Resolución do 16 de abril, ditada polo presidente do Consello de Dirección da ACSUG, en virtude das competencias delegadas por Resolución do 21 de setembro de 2006 (DOG do 3 de outubro), pola que se aproba a convocatoria ordinaria para a avaliación ou informe para a contratación como profesor universitario polas universidades integrantes do Sistema Universitario de Galicia e se abre o prazo para a presentación de solicitudes (DOG do 23 de abril de 2007), modifícase nos seguintes termos:

Un. A base primeira queda redactada do seguinte xeito:

Primeira.-Obxecto.

Apróbase a convocatoria para a presentación de solicitudes por parte dos interesados que desexen obter a avaliación ou o informe exixidos para poder ser contratados como persoal docente e investigador por algunha das universidades integrantes do sistema universitario de Galicia (SUG), como profesor contratado doutor, profesor de universidade privada, profesor axudante doutor e profesor colaborador, de conformidade co disposto na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, na redacción dada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril; e que debe emitir a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG).

Dous. O punto primeiro da base segunda queda redactado do seguinte xeito:

1. Poderán presentar a súa solicitude todas aquelas persoas que de conformidade co establecido na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, na redacción dada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril; queiran obter a avaliación ou o informe necesario para ser contratados por algunha das universidades de Galicia nas figuras contractuais de profesor contratado doutor, profesor de universidade privada, profesor axudante doutor e profesor colaborador, e non se atopen en ningún dos supostos regulados nos artigos 2, 3 e 4 da Orde do 18 de agosto de 2005, pola que se establecen os requisitos e criterios que outorgan, en determinados supostos, a cualificación automática para ser contratado como persoal docente e investigador polas universidades de Galicia nas figuras de profesor contratado doutor, profesor de uni-

versidade privada, profesor axudante doutor e profesor colaborador (DOG do 1 de setembro de 2005).

Tres. O punto primeiro da base sexta queda redactado do seguinte xeito:

1. A ACSUG comprobará que as solicitudes presentadas en prazo, cumpran cos requisitos establecidos polo artigo 13.4º do Decreto 270/2003, do 22 de maio, regulador da ACSUG (DOG do 4 de xuño), pola Orde do 23 de xuño de 2004 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria pola que se aproba o protocolo de avaliación e informe para a contratación de profesorado polas universidades integrantes do sistema universitario de Galicia (DOG do 5 de xullo de 2005) e demais normativa de aplicación, mentres non se entendan derogados tacitamente pola Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades na redacción dada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril. En concreto será necesario:

a) Para solicitar a avaliación para as figuras de profesor contratado doutor, profesor axudante doutor e profesor de universidade privada: ter o título de doutor.

b) Para solicitar a avaliación para a figura de profesor colaborador: ter o título de licenciado, arquitecto, enxeñeiro, arquitecto técnico, enxeñeiro técnico ou diplomado universitario.

Catro. A base sétima queda redactada do seguinte xeito:

Sétima.-Prazo.

O prazo para a presentación das solicitudes de avaliación ou informe estará aberto ate o día 15 de xuño de 2007.

Cinco. Engádense dous parágrafos ao punto primeiro da base novena coa seguinte redacción:

Nos acordos de avaliación que se adopten pola ACSUG para a figura de profesor axudante doutor, de conformidade co disposto no artigo 50 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, na redacción dada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril; farase referencia expresa á puntuación acadada polo solicitante no parágrafo do baremo desta figura, publicado pola Orde do 23 de xuño de 2004, relativo a estadías en centros autonómicos, nacionais, internacionais e axudas recibidas.

Tendo en conta o establecido na disposición transitoria segunda da Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, pola que se modifica a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, mantense a emisión de informes para a figura de profesor colaborador, sen prexuízo do que, de conformidade con esa disposición, se estableza no seu día regulamentariamente.

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2007.

Manuel Cecilio Díaz y Díaz  
Presidente do Consello de Dirección da Axencia  
para a Calidade do Sistema Universitario de  
Galicia